

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*EXTRACTO da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2016.*

BDNS (Identif.): 309785.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdntrans/index>).

#### Primeiro. *Beneficiarios*

Persoa docente funcionario de carreira que imparta as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, con destino en centros docentes públicos en que exerza docencia directa co alumnado, equipos de orientación específicos, postos de asesoría dentro da estrutura administrativa da Consellería e na Inspección educativa.

Persoas en situación de interinidad que manteñan esta condición tanto no momento da presentación da solicitude como no momento da resolución

#### Segundo. *Obxecto*

Reintegro individual de gastos derivados da participación como asistente a actividades de formación non organizadas polas estruturas de formación da Consellería que se desenvolvan na Comunidade Autónoma de Galicia, no resto do territorio español ou no estranxeiro, e que se desenvolvan entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2016.

Os reintegros cobren exclusivamente os gastos de matrícula e desprazamento, sen incluíren os gastos de mantenza e aloxamento.

#### Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do profesorado non universitario para o ano 2016.



**Cuarto. *Importe***

Os reintegros concederanse segundo os seguintes tipos e límites que se indican:

Tipo I, na Comunidade Autónoma de Galicia, ata un máximo de 100 euros.

Tipo II, no resto do territorio español, ata un máximo de 150 euros.

Tipo III, no estranxeiro, ata un máximo de 600 euros.

Tipo IV, reintegros vinculados a estadías:

a) Ámbito europeo, ata un máximo de 1.200 euros.

b) Ámbito extraeuropeo, ata un máximo de 2.000 euros.

**Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes***

O prazo de presentación será de polo menos 10 días naturais de antelación con respecto á data do comezo da actividade.

Para as actividades formativas que comenzaron a partir do 1 de xaneiro, así como para aquellas que comecen a partir do día da publicación desta orde e que non poidan cumplir o prazo de solicitude de 10 días naturais de antelación, a solicitude entenderase en prazo sempre que sexa presentada dentro dos 15 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

O último día do prazo para a presentación das solicitudes é o 15 de outubro de 2016.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2016

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

